


Núm 109

Tomo 10

nós





BOLETÍN MENSUAL
da
CULTURA GALEGA

Direitor Literario
Vicente Risco

Direitor Artístico
Alfonso R. Castelao

Administrador
ANXEL CASAL

DIRECCIÓN E REDACCIÓN:

Sto. Domingo, 47—OURENSE

ADEMINISTRACIÓN:

Hortas, 20 — SANTIAGO

ABONAMENTO

Doce números, na Península	6'00 pesetas.
Fora da Península	8'00 "
Número solto	0'70 "

NOTA

Este boletín non publicará máis orixinais qu'os que foran directamente solicitados pol-a Dirección. Tampouco se fai solidario das ideas n-eles emitidas, a non ser das que por non íren rubradas, enténdense que son da Redacción.

Os pagos son adiantados e os gastos de xiro de conta dos suscritores

SUMARIO

DA TUA SAUDADE, por AUGUSTO M.^a CASAS.
ENCOL DO NOME DE MARTÍN CODAX, por ARMANDO COTARELO VALLEDOR.
O BOTAFUNEIRO DA CATEDRAL, COMPOSTELÁN, por XESÚS CARRO GARCÍA.
MISCELÁNEA: Un miniaturista compostelán do s. XVIII, por BOUZA-BREY.—A data da Consagración da igrexa de Lugo, por X. LORENZO.—Dous navos machados de talón, por BOUZA-BREY.—Unha obra de frei Manoel dos Mártires, por BOUZA-BREY.

ARQUIVO FILOLÓXICO E ETNOGRÁFICO DE GALIZA.
OS HOMES, OS FEITOS, AS VERBAS, pol-a REDACCIÓN.

IMPRESA "NÓS"

Facturas - Estados - Libros - Revistas
e toda crás do traballos tipográficos

Trasmitanos os seus encargos

Hortas, 20

SANTIAGO

Vicente Risco

Abogado

Sanlo Domingo, 47-2.^a

Ourense



BOLETIN MENSUAL DA CULTURA GALEGA

Ano XV ★ Ourense 15 de Xaneiro do 1933 ★ Núm. 109

D A T Ú A S A U D A D E

Por AUGUSTO MARÍA CASAS

Ao maino amañescer dos teus arrulos
madura e inda nova a bris do outono,
ergúfanse as espigas dos meus pulos
para domesticar xardíns d'ensono.

O vento co seu pano, non de seda,
máis sí de verdes follas arumadas,
enxoitaba a canzón lixeira e leda,
pervagando no alén das tuas olladas.

Mór era o orballo da melanconía,
que na túa soma o corazón fería
pra sempre endexamáis millor ferido.

Eran os lilios, a froir, da lúa,
os qu'arumaban a saudade túa
no morno val d'un alalá infinito.

1933.



ENCOL DO NOME DE MARTÍN CODAX

por ARMANDO COTARELO VALLEDOR.

De miragrosa pódese notar a descuberta do libreiro Pedro Vindel nos comezos de 1914.

Según é sabido, deseminando este señor un manuscrito, acabado de mercar, que contiña o tratado *De officiis* de Cicerón, topou no forro das tapas un vello pergamiño co nome de Martín Codax en cabeceira. Da mesma letra, e repartidas en catro columnas, líanse sete cantares galegos co-a correspondente notación musical por baixo de seis de elos.

Pregado o auxilio de Said Armesto, decatouse do grande achádego. Non tiña perda. Era non menos que un texto auténtico, quizaves coetán, e íntegro das cántigas de aquel xograr do *Cancioneiro da Vaticana*, caso único na nosa hestoria literaria. Decontado, o mesmo descubridor déu notiza do lance na revista *Arte español* (1) so título: «Las siete canciones de la enamorada: poema musical por Martín Codax, juglar del siglo XIII» e rúbrica D. L. D'Orvenipe, anagrama adoitado por aquel libreiro. A fin do ano emprentou todo o texto no libro: *Las siete canciones de amor: poema musical del siglo XIII* (2), ilustrado con fotograbados, un deles en grandor do pergamiño.

Correu de aquela a sona de sere obra de Said Armesto o prólogo de este libro; mais non é certo, somentes lle corresponde a transcripción dos cantares. Seya de quen queira, esta laboura, si condida como edición, deixa abondo a desexar como crítica, pol-os erros e descoidos de que saíu marxada.

Presto atirou os ollos intelixentes. Doña Carolina Michaëlis de Vasconcellos imprimiu na *Revista de Filología española* (3) unha reseña intitulada «A propósito de Mar-

tín Codax e das suas cantigas de amor», la- yándose das máculas do impreso e cobizando nova edición escoceita que depurase o texto e intrepetase a música. Oviedo Arce, chorado amigo, prubricou logo seu erudito opúsculo *El genuino «Martín Codax»* (4) onde as arelas de Doña Carolina poideron abranguer total acougo.

Non quero loubar a importancia do descubrimento. A leución orixinal e trecentista de un poeta galego é un verdadeiro tesouro de outisima valía filolóxica e poética. Contendo, a maiores, o canto (exemplar único de música popular galega de aquel ero) fuxe de toda gabanza. Quero dicir algo encol do nome do troveiro, de quen miga sabemos, sinte do nome mesmo, o estrano *Martín Códax*, engadendo unha conxectura máis ás que se fixeron por mor do achádego.

* * *

CÓDAX. — O pergamiño trecentista escribe *Codax*, (5) o *Cancioneiro Vatican* pon asimismo *Codax* (6) e o catálogo de poetas colleito pol-o humanista A.^o Coloci, di tamén *Codax* (7).

Máis ¿qué significa esta verba? ¿Foi nome ou foi alcume? — «Em—ax não conheço nome algum», decrara Michaelis (8) — Unha espriación se tentou, que eu saiba:

«Se nos ocorre que el Codax que varios autores dan como apelido pudiera ser la palabra «Códice», equivalente a «obra de»... etc. — Es decir, que en lugar de «Martín Codax», pudiera entenderse «Martín Códice», o sea «Libro de Martín». — Esto no deja de ser una sencilla y acaso inocente suposición» (VINDEL) (9).

Chamar códice a unha folla solta non se

mella arellado, pois tanto en latín como en castelán como en galego, (10) *codex*=códice, significa cuaderno ou libro de varias follas. E supondo acerto nesta conxetura, que é moito supor ¿por qué non se di tamén *codax* o rolo ou folla de outros poetas?

* * *

CODAZ.—No pé da cántiga 882 do *Cancioneiro Vaticano* lése o rengón seguinte, da mesma letra e como si fora o derradeiro verso:

«M. Codaz, esta non acho pochada» (11).

¿Qué quere decir esta liña?

Asinado figura o parecer de Doña Catalina tomándoa por nota marxinal do antigo manuscrito, desprazada pol-o copista do século XVI e espetado eiquí ás toas. (12) Por esto, sin dúbida. Varnhagen pon como único nome do xograr, «Martín Codaz». (13) Mais a verba tampouco pertencese nin ó galego nin ó portugués. Con todo, danos nova forma de este impeitizo, que vemos se pode escribir de dous xeitos: *Codax* ou *Codaz*. (14)

Fecunda a grafía *Codaz* suxeriu as espiacións seguintes:

I.—«Em Espanha *codo* é sucessor de cúbuto e *coda* provém de cauda (port. arcaico *coa*). Em Portugal o popular *cotovelo*, parece ser fórmula metatética de *covotelo*, diminutivo de *cóvevo*, por *cóvelo*, con quanto o *t* seja normal. Hoje subsiste *cóvado* por *cóvedo*. — *Codaz* podía ser por tanto um homem de cotovelos salientes, grossos, ou agudos. Emparelharia com *Calvo*, *Corpancho* *Corpo delgado* e outros cognomes descritivos» (Michaelis). (15)

Fora de non sere mais de unha sospeita sin fundanza, *cotovelo* di en Galicia, non cóbado senón mais ben coteno, (16) inda que en portugués teña ás veces aquela valencia.

II.—Não aplaudo a ideia de *m'codax* significar *Codex Martini*. Máis comencei a scismar-se do nome, lançado assim em nota explicativa por um amanuense, se poderá deduzir que Martim, de Vigo, foi um dos raros

jograes que sabiam escrever; é que un coleccionador de poesias o empregava como escrevente; e se dessa actividade proviria a alcunha *Codex*, transformada jocosamente pelos companheiros em *Codaz* para lle dar sabor aumentativo». (MICHAELIS). (17)

A mesma escritora se critica a si propia engadendo: «Conjeturas! insuficientes para desvendar o que sete séculos encubriram».

III.—«De *coda* < *cauda* derivase en italiano *codazzo*=comitiva, séquito ¿Será que nuestro Codax perteneció a la clase de trovadores segreles, como Pero da Ponte y Ayra Nunes sus contemporáneos y paisanos?» (OVIEDO ARCE). (18)

Según esto, *Codax*=*Codaz*, debería lérse *Codaz* e querría decir «Martín Rabo». E ¿por qué non se chamaron tamén *codaz* algún dos máis segreles que figuran no *Cancioneiro*? O mesmo Oviedo Arce acaba por confesar: «Con todo, yo creo que, si el apellido Codax encierra alguna significación *parlante*, esta no ha sido vislumbrada todavía».

* * *

CODAX OU CODAZ.—Nin de unha nin de outra de estas verbas percibimos o significado, nin tampouco a lectura.

¿Cómo se pronunciarían?

En galego non se usa o *x* con son mesturado de gutural e dental (*k+s* ou *c+s*), (19) pol-o que o pronunciamos como *s* (esame, esauto, esceito, escelenza, etc.) (20) Penso que sempre sería así. Ó menos nos documentos atópanse abondos casos de dubidación gráfica, tales que «f*x* esta carta» (dec. de 1269), «da m*j*na parte ou da estraa» (dec. de 1300), etc., por non saír dos publicados por Martínez Salazar. (21) No mesmo *Cancioneiro da Vaticana* áchanse grafías como estas:

Xe esta X se esta (cant. 663, liñ. 6); *p*r*i*x** X *pris* (734,13); *xe era* X se era (780,2); *re*x** X *reis* (116,16); *p*i*x*a** e *pisa* na mesma cántiga (1030, 4, 18, 28); *se*i*x* X *seis* (116, 17), que amosan a paridade de amos sonidos. (22)

Igual vemos no dialecto bercián: «La *x* de las dicciones castellanas se cambia en *s* en las bercianas y suena como tal, como *esa*»

men, esiguo, por examen, exiguo.» (23) É igual no portugués. Di Santa Rosa de Viterbo (24) «x por s ou sc, muitas veces se acha em nossas escrituras, v. g. *Xesús* por *Sesús*, *xíre* por *scire*, *Xancio* por *Sancio*, *xantificar* por *santificar*, *xantus* por *santus*, *xelados* por *scelerados*, *xi* por *si*, ou *se* (que era mui frequente no tempo d'El Rei D. Diniz) *Ximeno* por *Simão*, e outros».

Logo *Codax* e *Codas* son equivalentes.

Todos sabemos que o *x* con son interdental fricativo repuna á maoría de Galicia, (25) como á gran parte de España e das Américas. Acó decimos en muitos sitios: sapato, cabeza, sear, dosena, soco, poso, sumo, etc, sendo este «seseo» característico dos dialectos do sul de Galicia. (26) Tanto que cuasi xa non vai tendo esceición en toda ela a pre-nuncia do *s* final como *s* (27) sobre todo en oxítonos e monosílabos; rapás, vellés, felis, atrós, capús, pes, des, nos, lus. (28)

O mesmo en portugués: «S por c, e pelo contrario, he mui frequente em os nossos máis antigos documentos.» (29)

Cavilo que sempre foi asina. Nas escrituras temos *suso* X *suso* (dec. de 1259); *cousas* X *cousas*; Diego *Peres* (dec. de 1282); Domingo *Mígues* (dec. de 1282); *leoneses* e *leoneses* (dec. de 1257); etc. (30) E no *Cancioneiro* áchanse mostras adunia de semellante dubidación:

Tamaris (1118,21), cisneiros (65,9) Vaasques (928,1), Vasques (1042,1), Viasques (1058,22), Vaasquis (43), Vasquim (45), Gonçalves (433), Aluares (562), Sanches (17,34; 366), contra Sanches (20; 524). Rodriguis (317; 436) e Rodrigues (1147), contra Rodriguis (1083), Nunes (454; 459; 1133), contra Nunés (252), dis X diz (38,14), pres X prez (19,8), agent X asent (770, 5), as X as (786,1), Sintra X Cintra (1088,50), diser X dizer (826,4). Hastra se atopa *s* consoando con *s*:

«que luraba que sempre *fezese*,
todo por mí, quanto lle eu *dissese*».

(377, 2-3)

«per como agora Pae Rangel *dis*,
e guareceron de morte por en,
que quando a lide foi en Belem
aportaron eles en *Tamaris*».

(1118, 18-21)

Por ende, *Codax* pode sere *Codas*.

A maior abundamento non fallan casos de equiparanza do *x* co *s*, así en Portugal (31) como en Galicia:

se vos hy, meu amigo, pesar *fis*
non foi por al, senon porque me *quix*.

(Refrán da cánt. CV, 285)

que lle perdoase non *quix*
e fez mal porque o non *fiz*.

(Refrán da cánt. CV, 324)

Repárese nesta curiosa estrofa de unha canción de Xoan Servando (CV, 734, 11-13):

¡Que boa romaría con meu amigo *Fis*
que ali dixes, a Deus grado, canto lle eu
dicer *quix*]
e dixenlle o gran torto que sempre de ele
prix!]

Creo de min que sin ningún destordegamento, pódese tirar do avandito esta ecuación:

$$\begin{matrix} \text{Codax} \\ \text{Codas} \end{matrix} \Bigg| = \text{Codas.}$$

Codas.--Orabén, estamos na mesma. ¿Qué será *Codas*?

Pol-o pronto un prural.

O singular, *coda*, fillo de «cauda» latino, está nos dicionarios portugueses (Vieira, Figueiredo, Coello, etc.), mais non nos de Galicia, onde este nembro se chama «rabo», sin lembrarme do alcontrare con dito senso nos documentos antigos.

Pero na miña terra (Vegadeo) i en toda aquela bisbarra, a palabra *coda* significa o mesmo que *codia*. Ten o pan *coda* e ten *miola*. Así oise decir decotío: «Eo non quero *miola*, senón *coda*»-«A *coda* aguza os dentes; a *miola* empapiza», etc.

Ningún dicionario galego trae o nome *coda* = *codia*, como tampouco *miola* = *miolo*; porque ningún os recolle todos, nin en-

tre todos acaroan a riqueza da lingua. Mais é certo que dendes Ribadeo (Galicia) hasta Tapia (Asturias) e dende-o mar hasta Fonsagrada, ninguén por alí descoñece este vocábulo.

O que si recolleu (Aga Rodríguez) son os sustantivos *codia* (port. codea), nado de un presunto *cutícula, baixo latino, *codela* (Valladares) e *codelo* (Cuveiro, Valladares, Carré) Pero *codelo*, a, son diminutos que tanto poden saír de *codia* como do primitivo *coda*, perdido na lingua correntia do centro, mais conservado na terra de abrente, según outras verbas non pouco interesantes. Sin que valia maxinar que por existir o diminutivo *codeliño*, a, non deba tomarse *codelo*, a, como tal, pois xustamente no galego, tan

gustoso destas meluras, bulen os ultra-diminutos ou diminutivos de diminutivos (cade-liña, señoritiño, pequerrichina, etc.)

Teño, pois, *coda* como verba arcaica da lingua galega, quizaves derivada da mesma raíz que *cota* (visigodo «Kotta» = cuberta, manto?) ou de algunha forma baixo latina de «cūtis».

* * *

Por tanto, namentras outra cousa non se amostre, entendo que «Códax = Codaz, debe lerse Codas. Asina *Martín Codas* sinificará Martín Codias, ou, como dí o castelán, Martín Cortezas.

Madril, Xaneiro, 1933.

(1) Madrid, año III, núm. 1, Febr. 1914, con dous fotografados de pergamino, páxs. 27-31.

(2) «Publícase en facsimil, ahora por primera vez, con algunas notas recopiladas por Pedro Vindel Madrid (Suc. Minuesa de los Ríos) MCMXV; 4º, 48 páxs. de papel de fio. «Tirada de muy pocos ejemplares, para distribución privada; y sólo se ponen a la venta diez.» Con nove fotografados

(3) Madrid, tomo II, caderno 3, Marzo, 1915.

(4) *El genuino «Martín Codax» juglar gallego del siglo XIII* según un apógrafo trescentista de su «Cancionero.» Texto literario (interpretación y crítica) por Eladio Oviedo y Arce. Texto musical (interpretación y crítica) por Santiago Tafall Abad. Coruña, Roel, 110 páxs. en 4º con fotografados e música. — Antes publicábase en artigos no «Boletín de la Real Academia gallega», núms. 109, 110 e 111.

(5) Fotografado publicado por Vindel.

(6) Páx 302 da ed. Monaci, na cima da cántiga C. V. 884

(7) Páx. XXII, col. 2, da «Prefazione» do *Canc. Vat.*, ed. Monaci.

(8) *A propósito de Martín Codax*, páx. 271.

(9) *Las siete cantones de amor*, p. 8.

(10) Ningún dicionario galego recolle este cultismo, pero si os portugueses.

(11) «*m'codax esta nó acho pchada*», páx. 301 da ed. Monaci, Braga (páx. 165, col. 2, da sua edición) interpreta: «Martín Codax, esta non acho fechada...» É visible un erro na verba derradeira, porque anque coidemos desviado o tilde e o mudemos sobre do p, tamposco daría senso. A «restitución» de Braga semella acertada, e tamén a segue Michaëlis (*Cancion. da Ajuda*, II 409, notas).

(12) *Cancion. da Ajuda*, II, 409, nota 1.

(13) «8. Martín Codaz (7)» na «Lista alfabética dos Trovadores do Cancionero da Vaticana» que dou no seu xa raro libro *Cancioneiro das trovas antigas*, Viena, 1870; páx. 40.

(14) «Martín Codax (ou Codaz), jogral de Vigós, acuta Doña Carolina; a propós. de *Martín Codax*, páx. 238.

(15) *A propós. de M. Codax*, páx. 272.

(16) Tal o rexistran os dicionarios.

(17) *A propós. de M. Codax*, páx. 272.

(18) *El genuino «Martín Codax»*, páx. 6, nota 4.

(19) «O son do x e igual a ch francesa.» Lugo, *Gramát. do idioma galego*, 2ª ed., 1931, páx. 1.

(20) E voces cultas e modernas, naturalmente, pois as antigas e populares tiveron seu desenrolo propio na formación da lingua, desfecendo o grupo x (taxum = teixo; axe = elxo; maxilla = meixela; sex = seis; etc.)

(21) *Documentos gallegos de los siglos XIII al XVI*; La Coruña, MDCCCXI, 4.º; páxs. 57 e 101.

(22) Non adugo o exemplo de Lixboa (754, 1 y 4; 912, 4; 1014, 3; 1042, 2) porque este nome pronuncia hoxe, e quizaves o pronunciaría sempre, o pobo portugués con son de ch francesa, escrito de cotío con x no *Cancioneiro*.

(23) Fernández Morales, *Ensayos poéticos en dialecto berciano*, León, 1861, páx. 10.

(24) *Elucidario*, Lisboa, M. DCC. XCVIII, 4.º; t. II, páxina 412, col. 2.

(25) «El actual sonido de la x castellana nunca ha sido propio del gallego.» García de Diego, *Gramát. hist. gallega*. Burgos, H. de Rodríguez, (1909), páx. 157.

(26) Vid. Saco y Arce, *Gramát. gallega*, Lugo, Soto Freire, 1865; páx. 233; García de Diego, *Gramát. hist. gall.*, 157.

(27) O x final soa a suave: *crus, lus, Guitirís*, pronúnciase *crus, lus, Guitirís*. Lugo, *Gramát.*, páx. 2.

(28) Todos estos exemplos están escritos así no *Diccionario de Valladares*.

(29) Santa Rosa de Viterbo, *Elucidario*, t. II, páx. 296, col. 2

(30) Martínez Salazar, *Document. gallegos*, páxs. 44, 78, 80 81 e 24.

(31) «Z por x, tamén algunhas veces se encontra.» Santa Rosa, *Elucidario*, II, 414, col. 1.



- O botafumeiro da Catedral compostelán -

D'ISTA maravilla, coñecida tamén pol-o Rei dos incensarios, tratou moi razoadamente o ilustre e sabido arqueólogo Don Xosé Villaamil e Castro n-uns artigos que despois recolleu no seu libro «Mobiliario Litúrgico de Galicia en la Edad Media», imprentado en Madrid no ano de 1907.

Ten, dende logo, por incerta a lenda de que fose o desagradable cheiro que deixaban os pelengrins que pasaban toda a noite na Catedral.

Confesa que o Botafumeiro non foi unha cousa orixinal da nosa Catedral, senón que denantes do Papa Serxio I (século VII) e asegún di o Liber pontificalis Anastasio o Bibliotecario (1) se mandou facer un incensario grande pra estar pendurado d'unha corda.

Engade ademáis, fundándose no escritor Don Benito Fernández Alonso (2), que tamén a Catedral de Ourense tiña un Botafumeiro, cas suas cordas, maromas, correias e cordas. Botábase andar no cruceiro, colgado do cimborrio, nos días do Nadal, Resurreizón, Pentecostés, Ascensión, Corpus, San Xoán Bautista, San Pedro, Asunción, San Martiño e n-outras festas e solemnidades.

Mostra por algúns privilexios i escrituras a importancia do incenso nas basílicas e templos cristiáns, citando doazóns de reis, príncipes e outros grandes persoaxes.

Parece que Tui tivo tamén un Botafumeiro. E isto nos proba que foi unha costume litúrgica, que encomenzaría primeiro por estar fixos á maneira de «pebeteiros» e despois sería movido como os pequenos turibulos e usado só nas grandes festas.

Pra eisistencia do famoso Botafumeiro,

válse de citas de Zepedano (1) e do Padre Oxea (2), datos que non pasan dos comenzos do século XVII.

Moi atinadamente pondera o dato interesante, comunicado pol-o inmortal López Ferreiro, recollido do marxe do Libro III do Codex Calixtini, capítulo IV, folio CLXII, e que di: «nunc decoratur cum capite beati Jacobi Alpei mire magnitudinis in testis argenti deaurati cum multis et magnis lapidibus pretiosis in testis et maxime cum magno turibulo argenteo, a sumitate ecclesiae et funibus suspensum per rotas currendo a portale septentrionali usque a portale meridiano pleno carbonis incensus cum turre feriendo in utraque parte sumitatis ecclesiae, estante antistite in pontificalis cum tota procesione ut supra».

Ista nota marxinal, que ven a ser do século XIV, nos fai unha verdadeira pintura das procesións d'entón na nosa Catedral, por certo moi semellantes ás de hoxe.

Non falla o prodixio da cabeza admirabile do Sant-Iago Alfeu, dourada e con pedras de moita estima. Acólitos, cantores, capeláns, coengos, mitrados forman as filas da procesión. O Arcebispo preside aquíl cortexo. O Botafumeiro corre de norte á sul do cruceiro, colgado dende a cúpula e por unhas poleas, vindo d'unha porta (Azebechería) á outra porta (Praterías), repleto de brasas ardentes e espallando o agradable incenso por unha e outra parte outa da Eirexa.

A isa notiña do século XIV, posta no marxe do Codex Calixti, debemos a testemuña máis antiga da eisistencia do Botafumeiro.

Do século XV, ano do 1426, temos asegún

(1) Obra citada, páx. 177.

(2) El Pontificado gallego, páx. 399, Orense 1897.

(1) Historia y descripción de la Basílica Compostelana.—Lugo, páx. 100.

(2) Historia del Apóstol Santiago.—Madrid, 1615, fol. 121.

o Inventario por López Ferreiro (1) o seguinte: «Iten huun ençensario grande, que anda enas preçeioos entre o coro et o altar».

Un eistranxeiro chamado Xerónimo Münzer na súa visita antre os anos 1494 e 1495 nos refire:

«Las capillas del trascoro son en número de doce, y de la altísima bóveda del crucero cuelga un enorme incensario, que oscila en el sentido de los brazos de aquel». (2)

É no 1499, derradeiro ano do século, que Villaamil e Castro (3) que dá á coñecer un intresante feito, atopado no tomo CXII de Varios da Biblioteca do Cabido da Catedral de Sevilla, chamada pol-o vulgo: Colombino; e no remate do «Memorial de Cossas antigas copiado de vn Libro antiguo de mano que fué del Deán Don D. D. C...».

«El año de 1499 yéndose acasar la infanta D.^a Catalina con el Príncipe de Gales, hijo y heredero del Rey de Inglaterra, y ella hija del Rey D. Fernando y de la Reyna Doña Isabel, la qual fué a embarcarse a la Coruña; era año de Jubileo y estuvo en la ciudad de Santiago asta día de Bienaventurado Apóstol, y oyó Misa en la Iglesia maior, la qual estaba tan llena de gente, que parecía imposible, sin gran trabajo, caber una persona más en el Crucero de la Iglesia, andaba vn Incensario por encima de toda la gente, tan grande, como una gran caldera, colgado de unas cadenas de yerro, bien gruesas, y traéndole desde lo alto con cierto artificio estaba lleno de viuas brasas, y en él echado incienso y otros olores, y assi andaba, que casi llegaba de la vna puerta del Crucero a la otra; y andando assi se le quebraron las cadenas en que andaba colgado, y si como tiraran vna bombarda salió sin derramar una sola asqua por la puerta de la Iglesia, donde se hizo pedazos, y se vertió toda la lumbre que en él estaba sin hazer mal a ninguna persona.»

Non é xa unha lenda a caída do Botafumeiro.

Fíxose anacos e non fireu a ninguén. Ademais presenciou o feito a infanta D.^a Catalina, filla dos Reises Católicos.

Supoñemos que se faría outro novo, desaparecendo pol-o tanto o de que se fala no marxen do libro III do Codex Calistini. O que sabemos, como certo, é que no Inventario de 1529 aparece: «yten el ynçensario grande que corre a las procesiones solempnes» (1). Iste sería, pois o novo e framante. E xa non achamos mais datos en todo o século XVI.

Sorpréndenos, non embargante, que nos comenzos do XVII os coengos composteláns, o motexan de «antigualla». O Botafumeiro non tería máis que un século de vida. Ben craro nol-o di o acordo do Cabido do 24 de Maio do 1602, ó tratarse de quitar as traves e facer un novo inxenio ao incensario:

«Lo 3º que se quitasen las traves e bigones grandes que atrabiesan el Zimborio en que está puesta la polea para el Incensario, porque quitan mucha luz al choro y afean el Zimborio, y porque no se quitase esta antigualla del Incensario, ordenaron que en lugar de las Traves se hiziese vn ingenio o artificio de quatro esquinas de sobre los capiteles de los quatro postes principales del crucero, se rematasen todos en vn obalo en medio dentro del cual estuuiese inclusa la polea para el incensario, y que todo fuese dorado y muy labrado y porque costase menos se embiase a labrar a las Herrerías de Byzcaya, embiando modelo hecho de madera, y la medida de todo porque no se herrase, el qual modelo se hizo y armó en la Clastra para que todos los vieses» (2).

O inxenio do que se fala eiquí, ou sexa o aparato de ferro pra botar andar o incensario, é o mesmo que aínda hoxe existe na cúpula do cruceiro e que seu autor debeu ser Bautista de Celma, fabricándose a dita máquina inxeniosa nos fornos de Vizcaia.

E aquelas obras, como outras, foran propostas pol-o Arcebispo Dn. Xoán de Sancelmente, como se lê no mesmo Libro: «lo mucho que conuenia que las Rejas de la Capilla mayor, y las del choro se dorasen, y el Cim-

(1) Historia de la S. M. I. S. — Santiago, 1909, Páx. 86 dos Apéndices, Adiciones, t. XI.

(2) Viaje por España y Portugal. — Tradución do latín por Julio Puyol, páx. 223 do Boletín de la Real Academia de la Historia, Febrero de 1924.

(3) Obra citada, páx. 176. — E «Gala de Santiago de Compostela», por José Filgueira Valverde, páx. 69.

(1) Historia de la S. M. I. S. por López Ferreiro. — Santiago 1909, páx. 105. — Apéndices-Adiciones, tomo XI.

(2) Libro 21 de Actas Capitulares. — Años 1600 a 1603.

torio se limpiase, dorase y asease y juntamente se quitasen las bigas del yncensario y hiziese algun ingenio como estuviere mas galán y vistoso.»

Arranxada, pois, a cúpula do cruceiro da nosa Catedral, chega a Sant Iago pol-o mandado do Rei D. Felipe III e a Raíña D^a Margarida, no mes de Outubro do 1610, o Capelán e Limosneiro maor Dn. Diego de Guzmán. (1)

A visita d'iste personaxe, de sona na nosa cibdade pol-os dōes que trouxo dos Reises, quedou señalada no libro que escribiu encol da vida da dita Raíña Doña Margarida.

Gracias á xentileza do Vizconde de San Alberto, que nos cedeu espontaneamente unha obra manuscrita da súa propiedade, ó parecer do XVIII, sendo seu autor Baltasar Porreño, poidemos copiar iste intresante anaco:

«El Domingo hubo una solemne procesión Mitrada en que yban, los Cardenales y Dignidades todos con mitras, y el Señor Arco-bispo de Pontifical, llevaban en la procesión la Cabeza de Santiago el menor en unas Andas de plata, andubo la procesión al rédedor de la Yglesia, y el incensario, que está en medio del Crucero de la Capilla mayor, y es como un gran caldero de plata, colgado de una maroma lleno de muchas solemnes brasas andubo incensando como se hace en los días más solemnes hasta dar golpes en las bóvedas más altas, y derramar por la Yglesia las brasas, antigua costumbre de aquella Yglesia.»

Debemos facer resaltar eiqú que o Botafumeiro tiña a forma d'un grande caldeiro de prata é que era unha costume antiga.

Mais tampouco hai que esquecer o texto do Padre Oxea, (2):

«Del cimborio, y capitel del crucero de la Yglesia que está entre la capilla mayor y el coro, está pendiente de vna gruesa maroma vn incensario de plata, con vna gran caldera, en que echan quatro o seis libras de perfumes, el qual tiran en las procesiones y fiestas principales (que para tal tiempo se

hizo) cinco o seis hombres para incensar y perfumar toda la Yglesia».

Pasan poucos anos, é o 23 de Maio do 1622, a Catedral presencia o milagre de outra caída do Botafumeiro.

Iste intrésante dato foi atopado no Arquivo da Catedral, no derradeiro folio d'unha copia da Historia Compostelán feita no 1583.

E unha nota manuscrita posta na mesma época do feito. Dí:

«Lunes, 23 días del mes de Mayo del año 1622 se començo a reçar officio semidoble, de nuestro glorioso Patrón, Santiago, por concesión de Nuestro Muy Santo Padre Gregorio, décimo quinto por su brebe concedido en Roma a 30, de Octubre de el año de 1621. Y este día por ser de esta gracia se solemnizó lo más que se pudo rezandose semidoble. Hubo Misa y Procesion solemne, y en la procesion se sacó el lignum crucis, y estando la proçession en la nave principal de el cruzero a donde suele parar a las puertas principales de las Cambias y Azabachería, andando el yncensario como suele en todas las fiestas solemnes, y en que se suele sacar reliquia en las proçessiones, quebró la cuerda, y cayó a plomo, y se metió el Incensario por debajo de vn tablado que estaba armado para las comedias y fiestas del Corpus. Tuose esto por evidente milagro del Santo Apostol, porque a qualquiera parte que desviara, por poco que fuera, era cosa ymposible que dejara de matar, y herir muchas personas, por hauer grande concurso de gente, y lo que más admira es, que cayendo a los pies de los tiradores, que están siempre perpendicularmente debajo de la rueda, y siendo cuatro, a ninguno tocó, ni en el pelo de la ropa. Mirabilis Deus in Santis suis.»

Temos, pois, unha segunda caída do Botafumeiro e unha descripción eisacta das procesións mitradas no século XVII e que non había variado ren da que nos fala o Codex Calixtini.

Aquí dña sacaran a reliquia do Lignum Crucis, que aínda se conservaba na Capela das Reliquias; pero que desapareceu no incendio do 1921 e que o relicario, obra do XIV, está hoxe restaurado.

A procesión habia parado na nave norte do cruceiro, como fai sempre, cando o Bota-

(10) Historia M. I. S., por López Ferreiro.—Santiago, 1907, páx. 50.

(11) Historia del glorioso Apóstol Santiago.—Madrid, 1615, folio 121 v. uel o.

fumeiro caeu a promo sen ferir a ningún nin aos catro homes que turraban das cordas.

Na foto, que é d'istos tempos, nos mostra cinco homes. Algunhas veces chegan a ser máis.

O Botafumeiro, na caída, foi dar debaixo d'un taboado que estaba armado prás comedias do Corpus. Quere isto decirnos que as comedias se celebraban no interior da Catedral e no valado antre as reixas.

A nota cala sobre o estado en que quedou



Foto Esado — (Prohibida a reproducción)

o Botafumeiro. As «Actas Capitulares», os Inventarios, os Libros de contas non poíderon darnos outras novas.

Pensamos que na mente de algún coengo o Botafumeiro seguiría sendo unha «antiguala». Se gardaría moi pechadiño n'algún rincón. Saldría soio cando houberse procesión mitrada e despois de facer a súa carreira voando pol-as naves do cruceiro volvería como unha fera a ser pechado.

E atopamos no Libro 2º de Fábrica do 1673, folio 282, istas liñas: «Mas se le pasan en cuenta ciento y sesenta y quatro reales que ualen 5.576 maravedisis, que pagó por una guindaleta nueva para el Yncensario, que pesó 48 libras, e rraçon de tres Reales y quartillo y ocho de porte desde Pontevedra a Santiago».

Iste arranxo reforzaría un pouco a vida do Botafumeiro, tal ves ca lediza do pobo e tristura dos coengos.

Outra compostura, asegúñ pode verse n-un comprobante de contas do ano 1729, nos refire: «Por estañar y componer el incensario grande, 360 reales». E firma: Thomas Seoane.

Despois d'iste ano, a Catedral Compostelán é completamente un formigueiro de obras grandiosas, onde o barroco iba a saír triunfante na fachada do Obradoiro. Eran tempos de outras preocupazóns. O Botafumeiro tería que figurar como un vellete de moito anos.

Sona entón o ano do 1809 na nosa terra. Ano da francesada, de guerras e de revoltas. Ano no que desaparecen tantas cousas e ano tamén que leva total-as culpas. E pol-o mesmo o coengo Zepedano (1) nos exprica:

«El antiguo incensario que era de plata; pero habiéndolo llevado los franceses con otras muchísimas alhajas en 1809, se mandó hacer otro de hierro, y últimamente de metal blanco. Tiene de alto cerca de dos metros, y gira de Norte a Sur hasta poco antes de concluirse la procesión».

Non sei, en verdade, que documentos tería o coengo Zepedano pra afirmar que o Botafumeiro foi levado pol-os franceses. Nós non poidemos atopar a máis pequena nova. E no nos explicamos como tal peza non ven na (2) «Razón/individual de las alhajas de plata que se entregan al Gobierno de las necesidades públicas», nin tampouco n-un priego tidoado: «Relación de las alhajas o oro, y plata, y otras preciosidades, que de orden del Gobierno intruso Francés se han sacado ela Santa Yglesia de Santiago, y que por lo

(1) Obra citada, páx. 101.

(2) Arquivo da Catedral de Sant Ligo. Estante número 5 caixón 4. «Tesoro-Inventario de Alhajas, ornamentos etc 1835-1884 y 1900».

primoroso de su hechuras corresponden las mas a la clase de Bellas Artes».

A verdade é que o Botafumeiro de prata desapareceu pra sempre. No seu lugar parece que se fixo outro de ferro, aínda que non se pode probar. O Libro 10 de Fábrica, na data do 1812, na partida do caldeireillo, nos di: «Mas 120 reales pagados al Caldereiro por la composición del Incensario grande (1). ¿Foi ista compostura pr'o Botafumeiro de ferro? Non sabemos. Sigue o misterio. N-outro Libro de Fábrica, ano do 1846, tamén na conta do caldeireillo atópase: «En Mayo por componer el incensario grande». E nos comprobantes de contas d'iste mesmo ano aínda dimos con un recibo do dito caldeireiro por haber reparado o incensario grande d'unha «abolladura».

A sorpresa chega ca publicazón d'un artigo de Neira de Mosquera no «Semanario Pintoresco Español», ano do 1852, páx. 339, dino de ser reproducido:

«El actual incensario fué construido en el año pasado por el laborioso artista Losada. Se compone de una cúpula de una vara y cuarto, sobre la cual descansa otra segunda cúpula de una cuarta y media, que completan los seis piés de altura. Su circunferencia es de tres cuartas menos dos pulgadas. En la faja circular, de la que salen las cadenas que se reunen sobre la cúpula superior, se han escupido ocho plintos, cuatro con conchas doradas a fuego y cuatro con las armas de Santiago. El incensario antiguo, como se reconoce por la presente copia, aunque de diversa hechura porque representaba un brasero con rejillas boleadas, a semejanza de los pebeteros moriscos, tenía las mismas dimensiones. El actual incensario es de latón plateado, así como el antiguo era de hierro. Se conserva la tradición de que antiguamente era de plata el *vota-fumeiro*, trayendo á cuento una remota fundación en la que se habla de *fumes ó perfumes é foles na cabeza* aludiendo al incensario y á las mitras de las dignidades que salen en las procesiones solemnes».

É probabre que Neira de Mosquera coñecese ao prateiro Xosé Losada e que recibise

os datos enriba mencionados sobre o novo Botafumeiro de metal. O curioso é que afirma que é unha copia do antigo e que lembraba aos pebeteiros dos árabes. É de estranar, non embargante, que chame ao Botafumeiro de ferro antigo, cando na realidade non tiña tantos anos, si é verdade que foi feito despois do 1809.

Tampouco fun de sorte no achádego de cando se fixo iste novo Botafumeiro e de sel-o seu autor Xosé Losada. Por máis que mirei ben no Arquivo da Catedral, non poiden atopar ren. Soio unha conta firmada no 15 do 1850 pol-o pintor Manuel García, nos comprobantes do 1850 ao 1852, áchase: «Por pintar una lámina para el incensario grande de color caova y azul.»

Tamén no «Libro de Fábrica do 1852 rexistramos: «En Junio por 7 1/2 libras de bronce para dos chapas del incensario grande.»

E sendo iste Botafumeiro, por decil-o así, d'onte, ou sexa de mediados do século XIX, non pode documentarse suficientemente.

Non comprendemol-a falla de tal documentación no Arquivo da nosa Catedral Compostelán.

O Botafumeiro, é verdade, dou inspirada literatura e sigue producindo moita máis. Non embargante ben pouco sabemos da súa historia. É grande, imponente cando voa pol-os aires. No chan xa nos parece moito mais pequeno. Non é o mesmo. Chegamos a non darlle importancia e ata esquecelo no rincón colgado d'un brazo de ferro. Alí, na Biblioteca da Catedral, atópase cheo de vergoña e á curiosidade dos turistas. Cala como fera engaiolada. Algúns, que non comprenden, o miran con desprezo. Pra istos sigue sendo aínda unha «antigualla». De boa gana o suprimirían, o botarían á basura. Mais se impon a tradición, o bó senso, o pobo. Non é posibre que chegue a desaparecer nas festas da nosa Catedral un dos seus motivos mais intresantes, xa con raíces na i alma galega e compostelán. O Botafumeiro é un pobo sempre unido co-a Catedral. É tamén unha visión de lediza das moitas perdas da Edade Media. Compostela soupo conservalo. Agora ten que defendela. É unha costume que se remonta denantes do século XIV.

XESÚS CARRO GARCÍA

(1) Libro 10 de Fábrica—1804 a 1814.—Arquivo da Catedral.

M I S C E L Á N E A

UN MINIATURISTA COMPOSTELAN DO S. XVIII

Nada fala Murguía no seu «El Arte en Santiago...» de D. Manuel Antonio Menéndez, fino artista que decorou pulcramente con ornatos miniados de vivas cores un dos mellhores libros corales que hoxe usa a Catedral de Mondoñedo. Por si a nova presente servise de guieiro pra pór ó descuberto

unha das moitas figuras que no XVIII froreceron en Compostela, diremos que de tal libro de coro consta que foi feito por Menéndez no ano de 1780, en Santiago, e sendo fabriqueiro da Catedral mindoniense Don Francisco Xavier Lousada.

BOUZA-BREY.

A DATA DA CONSAGRACIÓN DA EIREXA DE LUGO

No Arquivo da mesma, n.º 3 do legaxo de «pezas antigas» figura un documento cuio pé di así:

...«facta donatione anno XXX III^o Regni Religiosi principis Adefonsis, presentibus Episcopis et Comitibus in media Ecclesie Dei, die consecrationis templi. II nonas maias era D CCCC a. XXX VIII.

«Item quoque Domnus ac genitore noster Hordonus princeps mente casta obtulit Sacro Sancto Altario uestro. Ego confirmo...»

Ou seña, dado o día 6 de maio do 899, 34.º do reinado de Alfonso III, que ven á ser o día da consagración da devandita Eirexa.—

X. LORENZO.

DOUS NOVOS MACHADOS DE TALÓN

Os inventarios dos machados característicos da segunda época do bronce galego, do tipo chamado galego-portugués, compregan os que ten no seu poder o labrego Dositeo Pérez Couso, veciño da parroquia de San Xurxo de Piquín (Lugo) quen os topou nun prado da súa propiedade do lugar do Pousadoiro da dita freguesía. Son eles de

bronce, de dous anelos que conservan. Nada podemos decir das mensuras e características por non os ter ollado, debendo esta referencia ó noso culto amigo D. Avelino López Otero, tan coñecedor da terra luguesa en que vive, quen nos dixo foran topadas tales pezas prehistóricas hai cousa de cinco anos.—BOUZA-BREY.

UNHA OBRA DE FREI MANOEL DOS MARTIRES

A eirexa actual de Santa Mariña de Ribeira, parroquia do Concello da Estrada, emprazada na orella esquerda do Ulla, de traza neo-clásica, con pórtico de catro grandes columnas de orden corintio — se non nos falla a memoria —, coroada a faciana de frontón triangular en cuio ángulo erguese a torre

e cuio frontis leva o escudo dos próceres presenteiros, é obra, pol-o que fai á pranta, se entende, do arquitecto sonado no século XVIII Fr. Manoel dos Mártires. Consta isto de un acta notarial conservada no arquivo parroquial, de data de 20 de Novembro de 1762, pol-a que o Rector D. Bernardo Cuer-

vo e Arauxo con D. Pedro Xosé Valcarce Miranda, «dueño de la casa y pazo de San Benito» queréllanse de forza contra D. Bernardo Cuevas e outros por ter retirado istes unha tarima de altar e no documento dise «que en supoz.^{on} de que la Iglesia parroquial... se halla deteriorada y con ánimo de reedificarla de nuevo y la planta para ella

p.^a el P.^o Maestro de obras fr. Manuel de los Mártires, religioso dominico de la Ciudad de Santiago, y que con esta construcción quedará mas ancha y espaciosa y algo retirada donde hoy se alla...» Pode ollarse no fol. 73 v. del libro rotulado «Documentos pertenecientes a esta fábrica de Sta. Mariña de Ribeira». - BOUZA-BREY.

Arquivo Filolóxico e Etnográfico de Galiza

OS REISES DO TÍO CARRANCO

Escoiten señores
os de Cachamuiña
o gabán do Carranco
veulle d-Arxentina.

O gabán do Carranco
veulle d-Arxentina
con tanta basura
infestou Cachamuiña.

Unhos xa morreron
outros logo van
con tanta basura
que trouxo o gabán.

Dille o José
con moito salero
tire o gabán
que o leva o demo.

Sállelle a Emilia
mi padre querido
tire o gabán
e compre un vestido.

Dille a Rosa
mi padre por Dios
venda o gabán
que se rin de nós.

Dille a Juanita
con moita razón
tire o gabán
e compre un bastón.

Sállelle a Vispa
Antonio del alma
con ese gabán
tú llevas la palma.

O gabán non o vendo
eso nadie o pense
que me costou dous pesos
no rastro d'Ourense.

O tío Carranco
cando vai á misa
hasta o señor cura
se mexa de risa.

Hasta o señor cura
máis o sacristán
se mexan ca risa
ó verlle o gabán.

Comprou unhas polainas
moi afebilladas
din os veciños
que son encontradas

As botas que trouxo
son de montar
antes de las doce
á Belén llegar.

*(Recollidos por Xesús Penedo
Gómez, en Lamela.)*

Estas cántigas, improvisadas no lugar,
pra cantalas co tono dos vilancicos de Reis,

o día adoitado pra iso, bñasanse, asegñn o informante, n un feito real acontecido hai xa anos, mais que chamou tanto a atención da xente, que a cantinela, creada cand'o sucedido era recente, repiteuse en anos sucesivos, deica o día de hoxe.

Se non pode dicir qu'esta sexa unha composición parodística, mais é ditada polo mesmo espírito que dita ás parodias diversas de cántigas tradicionais. É unha cántiga de bulras, com'as que n-outros lados botan polo entroido, comentando os acontecementos locais do ano, que chamaron a atención pol o

seu chiste e que fixeron rir tanto a xente, qu'esta considerounos dinos de fixar a súa lembranza en forma poética. Sorte de crónica humorística local rimado. Igual acontez co-as cántigas dos Maios, n-Ourense e n-outros lados, sementes que nas cibdades, os acontecementos comentados solen ser de carácter público (política, vida municipal, etcétera) e non sementes da vida privada como é o caso nas aldeas. O lugar de Lamela, de onde procede esta cántiga áchase perto d'Ourense, pol-a estrada que vai á Trives.—V. R.

OS HOMES, OS FEITOS, AS VERBAS

LETRAS DE FORA

LIBROS CHEGADOS

- I. ERNST-ROBERT CURTIUS: «Essai sur la France».
- II. ALDOUS HUXLEY: «Voyage d'un exceptique autour du monde».
- III. ALFRED DOBLIN: «Wang-Lonn».
- IV. VALÉRY LARBAUD: «Technique».
- V. MAX BROD: «TYCHO BRAHE Weg zu Gott».
- VI. HENRI BERGSON: «Les deux sources de la Morale et de la Religion».

I

DESQUE César choutou o bravo fuxir do Rhén, cecáis dinantes, apenas foi posible que os Vosgos e a Silva negra, se consideraran con faciana de diálogo. Sempre polémica, guerra, nos millores instantes gurrar de bois do carro europeu. Cos incendios de Louvois castigando o Palatinado, suceden os xardíns versallescos de Potsdam. Conquista, non comprensión. Baudelaire eisaltando na Francia a enerxía do solpor no bosque wagneriano, rubro de deuses, fai o efecto dos imitadores xermánicos das traxedias racinianas. Inglaterra e Francia, apesares de moitos séculos de guerra, interferíronse con confianza porque as ondas endemais son fronteira. Pode a mar ser amor con afastamento, en ningún caso a cicotris queimante da fronteira ao largo de terras dubidosas.

Curtius enxerga ben a Francia por ser un bñn europeu. Cousa pouco doada pra un xermano por moito que teña cavilado nas quentes roínas de Delfos. Mais Curtius non sinte a Europa como a sentiría un goethiano: en estilo arquitectónico. Sintea en estilo musical. No arquitectónico entra a chousa do pastor e a roína ilustre. Categoirías, e un fondo escolleito pra xogar á traxedia. No musical cantan as yalmas dos pobos, e no seu tempo a máis homilde pode encher o mundo. No lírico —ao ríves do tráxico— non hai crases. Hai verdá de sentimento.

Curtius soergue os valores máis apreciados pol-os mesmos franceses. Participando ás veces do entusiasmo xeneroso de Michelet destaca a súa prudenza do bó europeu, redocindo os imperialismos franceses á un soilo: París. Esta idea latexa no tecido fino, denso e craro do libro, abrangue aos franceses —napoleónicos, victorhuguescos, proustianos— na gabanza do alre fino e criador de Lutecia, que o autor alemán sabe respirare ao lgoal en Balzac, nas loitas da Liga, na praza dos catro Bispos, nos parques novos e na *banlieue* comunista que soña con Moscú e Shangay. Libro leal, de bo nacionalista, de bó europeu.

II

O escéptico sempre está ben. Precísase en cada vila, academia, corporación ou familia. Calquer alde da Galiza ten seu mestre de esceticismo, cñtiando cebolas ou amo-

reando cabazos picotados no sol do outono particularmente querido pol-os membros de esta desconfiada paternidade filosófica. Son sabios, no senso pragmático, dos sete sabios. Son: o tío solteiro que di as verdades na familia e perdoo as loucuras dos sobriños; o monxe, desconfiado das penitencias sin froito; o conselleiro de empresa que dá sin pedantería a solución do problema; o profesor, que suspende ao memorión e aproba ao intelixente ignorante do texto. Sabéndose demarcado o escéptico, rexo na honradeza, é sempre unha forza moral, pode escribir páxinas certas e faguer concretas descubertas na ética, na natureza. Mais se non entende un pobo ou unha escola de escéuticos. Viven soilos como as figueiras ou os alciprestes sin formar bosque, como os místicos.

Huxley parécese un escéptico relativo. Demasiado engaiolado no confort, no sport e na gloriola literaria. Figura crêr no imperio inglés. Mais fai un libro encantador, d'abondo franco, d'abondo cinico. A notare as esceas da India, os paisaxes malarios e un admirabile xuicio da China e do Xapón no que o esceticismo do autor crébase sentindo a vida milenaria dos chinos e desprezando a imitanza dos nipóns.

III

A China. No «Wang-Lonn» latexa na enorme dimensión do agro e da serra e no levian locir das porcelaaas prezosas como poemas, nos poemas delicados coma as flores. Un caraiter primitivo e místico enfia os tempos estratificados na yalma ourental; sabios outonos, intres luars de desertos. Un poder sintético digno do xeógrafo Ritter fai a xeografía dinámica do decorrer de un mundo no que a historia universal colle no xesto con que un requintado mandarín, fino como un nuncio, ofrece un bombón ao bandido das montañas. O autor, xudeu, psiquiatra, e berlinés, loce a técnica do destino, da oceanografía da concencia, do unanimismo, ao servizo da arte da novela na que os albres non estorban a vista do bosque.

IV

Non son xogos de erudito. Son descargos honrados de pulcra concencia de letrado. O amante do país de Allen, dos fondos espietraes das Venezias fuxitivas, da melodía

de París, inmorredoiro, do folgo de Alicante —sería intresante iste libro: «Alicante en Azorín, Miró e Valery Larbaud»—fai o periplo de unha cántiga sinxela que vai bordeando o litoral literario sin perdere a graza da onda popular, pensa na beleza e sonoriade evocativa dos nomes xeográficos, no estilo —de escritores e profesores— da historia literaria, e nas erratas, isas formas do subcoscente do impresor atriboidas por priguiza mental aos escritores e á sua mala letra. Libríño fino, maduro, conversa boa pra un intre de gostosa folganza que fai perdoar o ambizoso do tidoo.

V

De nenos mirábamos con emoción unha lámina do libro aquil de Louis Figuier «La Science et ses hommes» que formaba co Quijote, unha tradución do conde de Chestre, é a historia do duro de un terrible numismata da A. da H. nas Bibliotecas das Sociedades no principiar do século. Ticho Brahe, ca sua xente n'un peirao, e ao lonxe a illa de Uranieborg, a vila dos astrónomos como as da Magna Grecia e da Troada o foron de difrentes castes de filósofos. Ticho Brahe co seu naris de prata fóra o feudal da illa, i-en troques de forza locia o anteollo e acarón do brasón dos Brahe o mapa do ceu. Max Brod novela o conflito da vella astronomía tinxida de astroloxía de Ticho, co limpo cálculo racionalista do mozo Keplero. Ticho, astrónomo e gran señor errante, barroco, carregado de programas colosales. Keplero, xiada crueldá da nova cencia, prudente, estrano, como un sistema de ecuacións. Na Bohemia imperial, sospéitanse as fogueiras da guerra dos 30 anos. Por riba das cousas absurdas, da xigantomaquia do vivir de Ticho, eisáltase a pureza do astrónomo, que atopa nas nebulosas o camiño de Deus.

VI

Foi pouco comentado o libro derradeiro de Bergson. Eiquí soilo lle adicaremos unhas liñas admirativas da honradeza do lustre velio, que no remate da sua carreira, na lingua máis clara que ningún francés usou, sospeita á Deus tras o «élan» vidal, e adica aos místicos páxinas de incomparabile xustiza. Libro fondo, socegado, requintamento de un vivir filosófico que fina ca mesma dinidade espiritoal dos primeiros ensaios.

R. O. P.

LIBROS

General RIBEIRO DE CARVALHO.
Chaves Antiga. Lisboa, 1929. Ofic. da
Soc. Nacional de Tipografia, Rua do
Século, 59. 315 páxinas.

O xeneral Ribeiro de Carvalho, prestixioso historiador que nas páxinas da imprensa diaria tiña xa dada mostras do seu talento, brindanos agora n-un groso volume os resultados da suas investigacións en col da vella *Aquæ Flaviæ*.

Trátase de un libro ameno e de doada lectura no que a densidade da documentación non se fai nunca pesada e no que a parte lendaria, etnográfica e folclórica, tan necesaria nas monografías de iste tipo, non foi esquecida.

Dende a época román até os tempos da proclamación da república portuguesa pasa revista o autor á todol-os sucesos notábeles acaecidos na cidade fronteiriza e acerta á presentalos de un xeito vivo e ben encadrados no seu marco adecuado.

As partes máis desenvoltas e ben tratadas son as que fan referencia ó século XIX e que van tidoas *A campanha de 1801, A defesa de Chaves en 1809, A revolução de 1820 e Chaves nas lutas civís*. Hai ali noticias intresantes que haberán de seren tidas en conta cando se trate de aqueles revoltos períodos da vida do país irmán.

O aspecto militar de todas istas loitas pareceunos, xa que nós somos alleos ás ciencias de estratexia, táctica e logística, que están mirados por un ollo esperto e coñecedor do oficio.

Bótase de menos na *Chaves Antiga* unha mención máis ou menos amiudada dos vestixios protohistóricos, principalmente dos castros que arrodean a ilustre cidade portuguesa e ós que poderían ligarse os seus orixes. A descripcón xeográfica do territorio gañaría asimesmo, de seguro, se o autor lle houbera concedido unha atención máis teimosa.

De calquer xeito istas fallas son ben pequenas se se poñen en comparanza ca labor de investigación levada a cabo e ca abelencia e tiño literario con que aparece esposto.

Un bo libro en resume, ben merecente de ser lido e estimado.

F. L. C.

XOAN RODRIGUEZ DO PADRON

O P. Atanasio López ven de facer n-as páxinas prestixiosas do *Archivo Ibero-Americano* (t. XXXV 1932, pp. 89-112, 205-

224, 366-393) un ensame detido i-erudito da documentación hespañola contida no novo volume do *Bullarium Franciscanum*, publicado fai pouco pol-o P. Ulrico Hüntemann, O. F. M. Abarca de 1431 á 1455 e n-el atópase representada Galiza por un bó feixe de documentos, os que o P. López non soio sinala senon que o ponlles moitas adicións propias. A hestoria eirexástica de Galiza no século XV atópase dende hoxe alumeadada con novos resprafidores. Teñen, sobre tudo, unha notabre importancia as novas noticias que áchanse n-il sobre *Juan Rodríguez del Paaron*, que veñen á botar por terra moitas afirmacións e conxeturas qu'en col d-el víñanse facendo deica agora. Eisl achamos que no ano 1441 vestiu o sagal franciscán no convento de Xerusalén, no coal xa profesara en 1444; vemos asimesmo que foi coengo en Sant-lago e Tui e tivo outros beneficios n-istas diócesis e na de Lugo.

¿É unha lenda, logo, a sua entrada en Herbón? Conven agardar a publicación do volume seguinte do *Bullarium Franciscanum*, o cal poida ser que alumee iste punto.

Dende logo, os novos achádegos poideran sel-a base pra un revisamento da cronoloxía das suas obras e aínda pra unha nova e completa bio-bibliografía do gran galego.

L. G. C.

O P. GUILLERMO TURLONG

A dicado dende algún tempo á recolleita de datos encol da sinificación de Galiza na hestoria d'América, téñome moitas veces laiado da falla de monografías feitas con seriedade sobor das principais figuras que fixeron froecer ali o nome da nosa terra. O P. Guillermo Turlong y Cardif, S. J. ven d'apoiar o seu esforzo á ista labouira co estudo seguinte: *El Padre José Quiroga* (Publicaciones del Instituto de Investigaciones Históricas, núm. LIV). Buenos Aires, 1930; 4.º, p. 96. — O traballo do P. Turlong, que non pode ser sospeitoso de parcialidade, alumea moitos feitos da biografía quirogana, encol dos coes víñanse facendo as máis disparatadas afirmacións. O P. Quiroga naceu o 14 de marzo de 1707 no lugarexo de Fabal (Pontevedra), non en Villasante, bispo de Lugo, nin n-un pobo á beira da Cruña, coma tantas veces vimos nos autores. Entrou na Compañía de Xesús o 12 de marzo de 1736 e partiu pra Bós Aires en Xunio de 1745. No 5 de decembro d-iste ano foi n-a fragata *San Antón* pra predicar o Evanxeo ós Patagóns, Serrans e Pampas. D-iste via-

xe deixounos dúas *Relacións*, que fan d'il un *báo náutico* e *xéografo*, arrincoados outros títulos máis brillantes que non levan á ningures.

Derradeiramente fai o P. Turlong un catálogo das obras inéditas, perdidas, mapas e plans do P. Quiroga.

L. G. C.

UN LIBRO DE L. L. HAMMERICH,

Fai xa arredor d'un ano que chegou ás miñas mans un libro do prof. danés L. L. Hammerich, que leva o seguinte título: *Visiones georgii. Visiones quas in purgatorio Sancti Patricii videt georgius miles de Ungaria A. D. MCCCLIII*. Köbenhavn [Kopenhaguen], 1931; 8º, 320 p.+3 fotocopias ao fin (Publicacións da Klg. sánske Videnskabsnernes Selskab. — Historisk-filologiske Meddelelser XVIII, 2) e non temos falla de sinalar eiqui o seu rol na moi abondosa literatura xurdida encol o tan soado lugar de pelerinaxe. Mais atópase n-ista obra un anaquión pequeno qu'é d-intrés pr-ós galegos. Xurxo nobre húngaro, e xefe n-Apulia pol-o rei Lois d'Ungria, doído da súa vida pecadenta, partiu pra Roma, a pé e sen decir ren a ningún. Ali foronlle perdoados seus pecados; mais quixo aínda facer o romaxe a Sant-lago de Galiza, por mor de penar n-istas partes deica que Deus lle dixese que fora perdoado no ceo. Chegado diante o Apostol e feital-as suas devocións, preguntoulles ós cregos da eirexa catedral por un lugar alonxado dos homes e foille sinalado un chamado San Guillermo á beira da eirexa de Santa María de Fisterra, «distantem a ciutade sancti Jacobi per duas dietas». Ali camiñou o santo pelerío, servindo n-aquela soedade uns cinco meses, a pan e auga. Mais espallouse; a nova entre aquelas boas xentes e todos correrón a velo. Entón, temendo pol-a saúde da súa i-alma, púxose de novo en camiño par-a Irlanda, onde aconteceron as cousas que nos conta no seu libro. — Fora do sinalado, a hestoria de Xurxo non di ren da nosa terra.

L. C. G.

DAS ORIGENS DA POESÍA LÍRICA EM PORTUGAL NA IDADE MÉDIA. por M. Rodrigues Lapa, Lisboa, 1929.

Iste libro é d'aplicación a Galiza tanto como a Portugal, e d'unha necesidade indispensable pra o estudo da nosa literatura da chamada Idade Meia. O eruditísimo A., que coñece moi ben a nosa literatura popular, e qu'a pón a contribución pra o seu estudo,

non distingue, nos tempos a que se refire a súa investigación — séculos XI a XV principalmente — entre cultura portuguesa e cultura galega, senon qu'affirma coma nós unha cultura común galego-portuguesa qu'o afastamento políteco non alterou en moito tempo.

Nos capítulos I a IV, o A. vai pasando en riola as diferentes teses espricadeiras dos orixes da nosa poesía medieval. Comenza pol-a *teoría árabe*, sostida por Barbieri, André, Conde, Schack, BurJach e Ribera, que quer derivar todo o lirismo europeo do dos árabes, especialmente o hespañol, asegún Ribera, do *sejel* andaluz, por il estudado no canzoero d'Ibn Cuzmane. Despois a de Alfred Jeanroy, que traí o lirismo románico d'un *lirismo francés culto e aristocrático*; a de Gastón Paris qu'o tira d'unha *lírica popular* latina nascida das *antigas festas pagdas*, teoría que relaciona co-a *antropológica* de Teófilo Braga, que lle dá unha orixe popular debida á influencia racial ligúrica, e que volve en Ed. Wechssler, e inda entre nós en Filgueira Valverde; a dos *meio latinistas*: G. Neyer. Ed. Wechssler, Vossler, Scheludko, Brinkmann, Amador de los Ríos, Oviedo Arce, etc., que a deriva da literatura eclesiástica medieval, e do que se conservaba da antiga (Ovidio, principalmente); e a *litúrgica* que filia as formas poéticas dos trovadores nas dos cantos litúrgicos (tropos, secuencias, prosas, antifonas, etc.), na que tiveron influencia grande os estudos musicográficos de Beck, e que foi acollida pol-os *meio-latinistas*. A esta tese acóllese con razóns por demais ben fundadas o A. No tocantes a nós, compre ter en conta o influxo dos hinos mozárabes e das prosas que se conservan nos códices d'Alcobaça, das que en 1927 publicou catro Fr. Fortunato de S. Boaventura, en Coimbra unha d'elas do soado Adán de S. Vitor. Semella probado que existen, principalmente na Península, unha poesía popular litúrgica imitada da oficial da Eirexa, e que se cantaba en latín, e ademais parodias e imitacións de senso profano e ate licencioso e obsceno.

A transición da poesía litúrgica para a profana, que o A. estuda no cap. V atópase precisamente n-esas parodias (*Cena Cipriani*, *Officium Lusorma*, *Nissa de potatoribus*, etc.) debidas principalmente aos *goliardos* e *clerici vagantes*, e en composicións semiprofanas (*os joca monachorum*, os chamados *psalmi compositi*, qu'os Concilios de Lugo e Braga prohibe que se canten na eirexa, etc.). As suas formas qu'eran as da liturgia verdadeira, foron imitadas nas poesías en romance, e en poesías bilingües qu'ajudan a marcar a transición.

No cap. VI, trata do lirismo pre-trovadoresco, ou sexa, do anterior á introdución da

moda provenzal. Iste lirismo popular galego compróbase, enantes da época trovadoresca, pol-as prohibicións da Eireja, pol-as mencións que fan d'il trovadores provenzais, pol os caracteres arcaicos dos géneros paralelistecos, pol-os arcaísmos de lingaaxe nas cantigas d'amigo; no tempo dos trovadores, nas alusións que hai nos Canzoeiros a un modo de trovar que non é o dos imitadores do modo provenzal e a cantigas de vilán e outras propias da gente rústica; e posteriormente ao tempo dos trovadores, pol-as supervivencias que s'atopan en Gil Vicente, nos vilancicos, especialmente do século XVII, i en copras populares galegas e trasmontanas. Esta poesía popular, que non é propiamente obra colectiva, nen feita por ignorantes, senón por gente anónima, anque de curta cultura literaria — *clérigos* (estudantes), *monges* e *cabaleiros vilãos* — manifestase principalmente nas cántigas d'amigo, nas paralelistecas de leixaprén e de refrán, i é a que mellor conservou as formas litúrgicas primitivas.

Indicados já os agentes criadores — que o A. estuda no cap. VII — achamos no VIII moi boas ouservacións en col do ambiente social en que o lirismo se criou, de cabaleiros probes, meio fidalgos, obrigados ao *fossado*, que tanto sinal deixou nas cantigas, e no IX e X, estudados o paralelismo e a versificación, e por fin, no XI, os temas inicias, capidosos que, máis técnicos, non podemos resumir eiquí, coma procuramos facer cos máis propiamente históricos, embora o libro do Dr. Rodríguez Lapa, pol-o seu grandísimo valor e pol-a desusada importancia que ten pra nós, sexa ben dino d'unha detida rección. — V. R.

OS VILANCICOS (Os vilancicos galegos nos séculos XVII e XVIII) por Rodríguez Lapa, Lisboa, 1930.

ESTUDO dos vilancicos d'unha colección da Biblioteca Nacional, dos séculos XVII e XVIII, cantados na Capela Real, Sé de Lisboa, Sé de Coimbra, e diversas eirejas e conventos. Tocantes a eles, ouserva o A. que a maioría é escrita en castelán, moda que viña já de longe, agravada pol-a dominación filipina. A causa foi o haber tido os vilancicos portugueses e galegos unha enorme aceitação na Hespanha, a cuia lingoa foron traducidos, convertíndose o castelán en lingoa oficial do vilancico, e volvendo moitos a ser introducidos en Portugal en forma castelán, e sendo compostos moitos máis pol-os músicos da Capela Real, utilizando ás veces vellos refráns populares. Moitos d'iles figuran cantados por *galeguinhos*, qu'ali aparecen en calidade de rústicos pastores — *vilancico* chamouse ás composicións músico-teatraes

nas que aparecían pastores danzando e cantando os antigos *vilancetes* populares — e despois a figura degenera en senso pejorativo — o concepto do galego da nosa leenda negra. — Hainos escritos en galego, ao menos teóricamente. Os autores son os mesmos qu'os dos outros, mais aproveitaron cecais *notes galegos*. É unha lingoa híbrida, misturada con castelanismos, c'un enorme abuso dos diminutivos en *-iño*, e con formas moitas veces puramente galegas: *fai esbaçoar-se, crareza, jror, nai, neuo*, etc.

O A. dá en apéndice 20 vilancicos galegos cujos autores son Carlos Patinho, Fr. Francisco de Santiago, Gabriel Dias, Fr. Jerónimo Gonçalves, ou autor descoñecido. — V. R.

LEMBRANZA DE GOETHE, por R. Otero Pedrayo (conferenza) Santiago, Nós, 1932.

ENSAIO biográfico do mestre no que o A., verdadeiro romántico de boa lei, un pouco goethiano sen olímpica soberbia, procura atopar o acordo — ou desacordo — (son as suas verbas) de Goethe co seu tempo, sempre, crar'está (tamén agora son verbas suas) longe das metódicas generalizadoras dos libros «ad usum». Biografía esquemática e sustanciosa con ouservacións ben certas: Herder amostrou a Goethe que os tempos do «Grand Siècle» de Luís XIV e tamén o de d'Alembert, Montesquieu, Voltaire — todo ven ser no fondo a mesma cousa — están gastados; que hai que procurar o vivir original dos pobos, a Edade Meia, a leenda popular. Non foi o espírito clásico do gran século francés, senón o espírito romántico, o que chamaba aos homes do Norte cara Italia; hai un romantismo sensual e oujetivo no Sul. Problema, non resolto, da *Ifigenia en Tauris*. Goethe naturalista, o A. atópao todo n'estas verbas d'André Soares: «As formas son todo aos seus ollos». Con fonda penetración, salienta a nemiga de Goethe contra da abstracción, o seu amor ao concreto, e por iso coida que non pode ser metido antr'os evolucionistas. Efectivamente, n-ise senso tamén de non evolucionismo, é Spengler un goethiano, que se refire constantemente á «Natureza viva» de Goethe, opóndoa á natureza morta dos naturalistas. Goethe leu o *Esquema d'un Sistema de Filosofía natural* de Schelling. Tamén pensaba á última hora, qu'a pantesía é outra forza esencial do Espírito.

E Otero vai tratando os pasos fundamentais da vida de Goethe, as suas numerosas relacións cos grandes homes da formidábele Alemaña do seu tempo, e cos vidos de todas as partes da Europa, da Francia especialmente, qu'escomenzaba a se deixar abalar pol-a forte corrente que levaba e erguía á sua antiga discípula germánica. — V. R.

METODO DE LECTURA, por Josefa Iglesias Vilarelle, Maestra de Mourente (Pontevedra).

TENSE posto chatas a iste Metodo pra ensino da leitura galega que sempre ha ter o méreto — se non tivera outros — de ser o primeiro. Tense dito que non acaí co-as tendencias modernas na materia. E isto que l'a poñen como chata, ata poidera ser unha das suas principais ventages. A autora segue n-il, millorándoo, iso non pode ser regado, o método tradicional; pois seguindo o método tradicional, resulta moito máis doada a sua aplicación práctica — qu'è a finalidade que se procura — por estaren a maior parte dos escolares que levan algúns anos no exercicio da sua carreira, educados n-ise método e afeitos ao emprego do mesmo, pol-o qual non teñen precisión de faguer meirande esforzo ao apricalo, nen o método precisa d'esprica-deira especial nen preparación preliminar. Ademais tampouco conta o qu'un escolar con iniciativa ou con aprendizaxe moderna o empregue pra outros procedimentos d'ensino. E' ben sabido canto o ingenio d'un escolar con abelencia pode facer con calquera libro, máisime c'un método pol-o que todos nós temos deprendido a lér, ao que semella, con certo bon resultado. Pois todol os qu'a-cordamos, emprincipiamos pol-os *christos* e mais pol-o *Catón*, e coidamos qu'asi e todo, do *Catón* ao *Método* da Prof. Iglesias Vilarelle, vai ainda algunha distancia en favor do derradeiro. Escolar que fracasa nos métodos antigos, non coidamos que faga moito máis cos modernos. A Prof. Iglesias Vilarelle realizou un bon traballo, e que lle ten qu'agradecer moito a cultura galega. — V. R.

CUESTIONARIO DE XEOGRAFÍA E HISTORIA por D. Alvaro das Casas, Sant-Iago de Compostela, 1932.

Este aínda, o primeiro programa escolar destinado ao ensino oficial, que se publica na nosa língoa. Coma o *Método de Lectura* da Prof. Iglesias Vilarelle, ven prefilla-do pol-o Seminario d'Estudos Galegos. Niste cuestionario, embora estea moi ben feito, centífeca e pedagógicamente, non habería, pol-a indole do traballo outra cousa que salientar qu'a circunstancia de vir escrito en galego, se non tivera ademais un outo méreto importante, cal é o de ser un programa razoado, fundamentado. Efectivamente, o Profesor das Casas púxolle un prólogo ou exposición preliminar no que nos presenta, acomodadamente ás disposicións oficiais vigentes, o

seu concepto do ensino da Geografía e da Historia nos Institutos ou Liceus de Segundo Ensino. As normas que preconiza son: ensino cíclico, autonomía dos centros d'ensino, acomodación ao lugar geográfico, o proximo o lugar en que se nace, coma exemplificación pra todo o outro, carate educativo do ensino, erguel-a sensibilidade no estudo da natureza e da historia, pacifismo. — V. R.

O ELOGIO DO AMOR (versos) por Pais de Figuciredo, Porto, 1931.

UMA estreia di o A. nas verbas limiares. Dazanove sonetos, em metro vario, os mais endecasílabos, ben versificados, algúns ben feitos, outros excesivamente ingenuos, con verdadeiras sentenzas de Mr. de la Palisse, às veces. Non se saca ben craramente cal é o concepto do amor que o A. ten. Ben é certo qu'asegura n-un dos sonetos que nono pode coñecer quen nono sinteu (unha das verdades aludidas, crar'está), mais que por outra banda, asegúranos qu'o sinteu é qu'o sinte. E, se ben o amor non é moi susceptible de definición centífeca, éo de definición poética. Pol-o demais, escribe crara e llanamente, con pouco artificio, e isto a carón da versificación doada e fluente, já son duas boas calidades. — V. R.

ABRIL (versos) por José M.^a Alvarez, Pontevedra.

NA nosa Terra, já se sabe, todol-os días xurden poetas novos, tantos que non hai quen os poida seguir a todos, a cada un pol-o seu camiño; tantos, qu'aínda qu'un os poida contar, logo se perde a conta. E' unha estadística de cote aberta, variando e medrando d'un día pra outro.

José M.^a Alvarez seica é de Tui, qu'está antr'o mar e a terra, e antre Galiza e Portugal. Cecaís coma fronteirizo, home da raia, escribete iste libro en castelán. Gerardo Alvarez Limeses, poeta bilingüe de longa folla de servizos, dalle n-un soneto cheo d'ingenio un espaldarazo litúrgico, parodístico. Despois encomenza il. Os dous poemíñas que veñen atrás do *Pórtico* foron os que mais nos gustaron; parecéronos felices — n-esto da poesía hai de cote moito de sorte — cecaís porqu'houbéramos querido escribir d'ise geito, e nonos sai... Despois, a poesía de José M.^a Alvarez é menos chamativa. Por veces, choutan esas imáges que chaman novas, e que logo estarán esgotadas. Por veces, arcaiza, sen recuar de mais no tempo. De todas as maneiras, o xogo é limpo. — V. R.

LA PAIX DE DEMAINE, por
Dr. J. Rateau-Landeville,
Macon, 1932.

EN todas as bandas do mundo hai utopistas de boa fé, non é sómentes nos pobos slavos. O qu'acontez, é que nos pobos slavos non desdican; mais o que é por estas bandas d'Ocidente, qu'ellos un conto. E así e todo, hainos, e cando os hai na asisada Francia, patria da orde mental, pódese creer. E por certo qu'iste tema da paz perpetua foi de cote ben acosado a que sobre d'il fantasiasen os soñadores, coma que, se m'apurán, por pouco lle chega a solver o siso ao propio Kant.

O Dr. J. Rateau-Landeville di no seu primeiro capítulo (*La marche à l'abîme*) cousas que non deixan d'estar atinadas. Amóstranos coma os pobos occidentais preparáranse pra se destruíren os uns aos outros, preparando incoscientemente unha nova hecatombe que será proveito pra a revolución que dende Rusia espregue a ruína do noso mundo pra se botar riba do que quede.

Deica iste punto, e aínda un pouco mais adiante, a cousa non vai mal pensada. Mais logo, o Doutor preséntanos un programa cumprido de preparación da paz que por certo non é estrano que nos solprendera d'abondo, posto que por il podemos ver qu'a preparación da paz é moito mais difizle qu'a paz mesma, unha utopía de gran estilo que nos lembrou a de certo bruxo de Pontevedra, residente na illa de Cuba, do que temos lido hai moitos anos un curioso folheto. Un goberno universal, c'un Centro económico en Ginebra, único poder legislativo do mundo, qu'estará dividido en rexións económicas con consellos de paz e consellos de cultos compostos de sacerdotes das diversas confesións religiosas, lingua universal, escola única, supresión dos partidos políticos, das eleccións, do sufraxio universal, da imprenta que non seña oficial, do dereito á folga, dos títulos de nobreza, dos trusts, das casas de xogo, etc., etc. Todas estas medidas, nada menos, senon moitas mais nos propón o Dr. J. Rateau-Landeville, pra conseguirmos a paz perpetua. Poda que haxa quen pense que é millor deixar vir a guerra e o bolchevismo. — V. R.

CONCEPTO DOCTRINAL DEL VALENCIANISMO, por Joaquín Reig Rodríguez (Discurs, amb resposta de Salvador Carreres i Zacares, en Centre de Cultura Valenciana, 1932).

DESPOIS d'unha alusión ao cámbio da vida hespañola, favorábele ás reivindicacións das terras hispánicas, define a idea d'impe-

rio, desfazendo a mala intelixencia dos coñecitos d'unidade e uniformismo. Insiste no concepto totalizador do Valencianismo, que afecta a todas as manifestacións da vida do país, en todas as que persegue o rehabilitamento da súa personalidade: posesión da lingua propia, impulsión dos seus intereses económicos, defensa dos dereitos, órgano de goberno autónomo. Respeito do problema cultural, cita estas verbas d'Alfred Zimmer: «Si Oxford chegara a ser unha metrópoli intelectual coscente que propagara unha cultura imperial, aíña degeneraría, perdería a súa característica vitalidade inglesa e as rexións a onde tornaran os seus estudantes habían degenerar tamén. A metrópoli anquilosárase c'unha artificiosidade fría e pedante, talmente coma s'anquilosou Atenas, de maneira tamén artificiosa, baixo da dominación romana, cando os homes iban aló por milleiros pra obteren cultura namentras a Grecia enteira morría.» Pon os exemplos de Finlandia, Irlanda e Flandes, erguendo as súas linguas restritas contra linguas de moito máis expansión. No aspecto económico, caracteriza a economía valenciana coma esencialmente d'esportación, pendente do mercado europeo que — cousa que debemos ter moi en conta — os valencianos conquistaron por iniciativa particular, sen axuda do Estado. No aspecto político pronúnciase contra das divisións e banderías e programa a necesidade de partidos propios, independentes dos outros. Pol o derradeiro, fala das estreitas relacións culturais con Cataluña, Mallorca e terras occitanas. — V. R.

CONTRIBUIÇÃO PARA A ANTROPOLOGIA DA IDADE DO FERRO EM PORTUGAL, por A. A. Mendes Corrêa, Porto, 1931.

ESTUDA aquí o ilustre Director do Instituto de Antropología da Universidade do Porto catro cráneos e algus ósos máis procedentes da necrópole pre-romana de Alcacer do Sal, explorada pol o Prof. Vergílio Correia. Sendo unha necrópole d'incineración, ises restos proceden d'esqueletos imperfectamente queimados, ou d'esclavos sacrificados e inhumados na sepultura dos seus donos. O seu intrínseco está en seren os primeiros restos osteolóxicos da Idade do Ferro qu'apareceron en Portugal.

Amostran ises ósos un tipo braquioide, un pouco prognato, un pouco platicefalo, de estatura mediana ou inferior que o A. non podém aproximar con ningún dos braquoides que se coñecen en Portugal, e que lle parece ter afinidades co celto-bretón ou ligúrico da raza alpina, ou cecais millor co braquicefalo pequeno norte-africano, isolado por Ber-

tholon e Chantre na illa de Gerba e costas E da Tunisia, e qu'algús relacionan cos braquicéfalos de Muge, cos «Prospectores» de Fleure ou «Armenoides marítimos» d'Elliot Smith. Os «Prospectadores» semellan relacionados coa distribución costeira dos megalitos e co comercio do cobre, estano e ouro. En suma, o A. supón que mais ben que do tipos indígenas, poderíase tratar de recén chegados, mercantes púnicos ou escravos nigroides, o qual ven arriostado pol o achádegó, n-unha das sepulturas d'un amuleto-escarabello do faraón egipcio Psammetico I.—V. R.

GRAVURAS RUPESTRES NO BRASIL
por A. A. Mendes Corrêa, Porto, 1932.

N-ISTE traballo dásenos noticia de varias gravuras rupestres brasileiras de diferentes tipos (figuras humanas, animais, fitomórficas, tutiformes, alfabéticas, geométricas, pés, mans, cruces, liñas onduladas, pé de galinha, machados, símbolos solares, etc.) as menos imitantes ás d'Europa, as mais moi diferentes, cujas fotos lle foron comunicadas pol-o Sr. Gustavo Barroso, e d'unha suposta inscrición fenicia da Pedra da Gavea, no Brasil, qu'asegún o arqueólogo brasileiro Silva Ramos d'esquerda a dereita LAABH-TEJ BAR RIZDAÑ NAISINEOF RUZT, e leída ao modo fenicio, de dereita á esquerda, viría dicir: *Tyro (Taur ou Tsur) fenicia, Badesir, primogénito de Jethbaal*. O A. non se pronuncia acerca d'iste punto por non coñecer aínda o libro de Silva Ramos, e somentes dúas reproducións da pretendida inscrición, que dan pouco lugar a identificacións.—V. R.

L'ÉTUDE DU CRIMINEL EN PORTUGAL
por A. A. Mendes Corrêa (Extracto dos *Anais da Faculdade de Ciências do Porto*), Porto, 1932.

N-ESTA conferencia, dada pol-o A. na Facultade de Dereito de Paris, en 1931, vai estudando o concepto do delito e mais do delincuente no antigo dereito portugués; no concepto popular, revelado pol o folklore, qu' amosa qu'o pobo adiantouse ás veces ás nocións científicas modernas; a modificación do dereito penal pol-o movemento liberal do

século XIX; os modernos estudos d'antropología criminal de Ferraz de Nacado, discípulo de Lombroso, cujas investigacións arredaron das ideas do mestre; de Alfredo Luiz Lópes sobre estadística criminal e nenos delinquentes; de Julio de Matos, Pacheco, Martins Pereira, alienistas; de Teixeira Bastos, Joaquín Fontes, Xavier da Silva, etc. en col da sensibilidade e dos tatuaxes dos criminais; do Padre Antonio d'Oliveira sobre delincuencia infantil; de Ferreira da Fonseca e João B. Gonçalves, etc.; a organización dos servizos médico-legales, das Tutorías pra nenos, e os Refugios, os Institutos, de Lisboa, Coimbra e Porto, e os de Criminología, etc. Despois entra a espricar o resultado dos seus propios traballos, comenzados hai 20 anos e que deron os libros: *Os criminais portugueses*, 1913, *os Nenos delinquentes*, 1915 e *A nova Antropología criminal*, 1932. Amostrase igualmente arredado da escola lombrosiana e da escola correccionalista italiana. O polimorfismo dos tipos criminais, o recoñecemento da influencia do meio psicológico e social, faino non concordar coa primeira, e a diferenza que descobre entre o dereito e a moral, afasta da segunda. Atense principalmente aos estritos datos científicos, c'unha gran curiosidade por todol-os medios d'estudo, d'ende a estadística, a endocrinología. En suma, o seu criterio é principalmente psicológico.—V. R.

REVISTAS

LOGOS, n.º 22, publica dúas cousas de moito intrínseco: unha tradución das verbas do gran bispo catalán Torras i Bagés baixo do título: *A piedade i a lingua materna*, e mais un estudo de D. Xesús Carro encol de *O Apóstol Sant'Iago Patrón de pescadores, mariñeiros e navegantes*. N-iste. o noso douto amigo, co gallo d'unha noticia que lle foi fornecida pol-o Dr. W. L. Hildbourg, d'haber no século XV na Inglaterra; imaxes do Apóstolo Sant'Iago que levan, a mais da vieira o *whelk shell* ou *viuives*, en galego *buguina*, supondo por elo que o Santo debeu ser tido coma Patrón de mariñeiros e navegantes, aduz catro milagres do Apóstolo dos contidos no Calixtino, que arriostan aquela presunción.—V. R.



A hixiene nos nenos

é a garantía da súa saúde física e moral o día de mañá.

No diario asco dos nenos emplee o

"Jabón Sales de la Toja",

único que ás súas altas calidades meiciñás xunta toda a finura e perfume d'un xabón de tocador.

Contribúe ó perfecto desenvolvemento das criaturas e evita o perigo da escrófula e o raquitismo.

**JABÓN
LA TOJA
ÚNICO EN EL MUNDO**



O Xabrón da Toxa
é o mellor.

Honra á Galicia no
mundo enteiro

MERQUE VOSTEDE
Plumeiros RAFIUM

DE MÁIS DURA QU'OS DE PLUMA E LIMPAN MILLOR.
VÉNDENSE EN TODOS OS ESTABECIMENTOS DO RAMO.

ANDRÉS PERILLE --- OURENSE

Sanatorio Quirúrgico de San Lorenzo

Santiago de Galicia

De los Profesores

D. Fernando Alsina y D. Antonio M. de la Riva

CIRUJANO

GINECÓLOGO

FOTOGRAFADO

Si quer qu'os seus fotografados sexan o mais perfecto posibres, convelle envialos aos
Talleres de fotografado ESPASA-CALPE S. A.

Ríos Rosas, 24-Apartado, 547 MADRID

A sua biblioteca non será
unha biblioteca galega,
mentras non adequira as
obras editadas por

NÓS

PUBLICACIÓNS GALEGAS E IMPRENTA
HORTAS, 20 SANTIAGO